



RESOLUCIÓN

Asunto: Concesión de subvención nominativa aos Centros de Ensino Públicos.

Expediente: 2026/EGFAB/000078

Antecedentes

I.- As Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2026 recollen no artigo 28.9 as subvencións nominativas que se prevén para o presente exercicio, entre as cales están as seguintes:

Partida 82.3260.48905

Beneficiario	Importe (€)	Finalidade/Obxecto
CEIP Isidro Parga Pondal	10.953,00	Contribuír á realización de actividades educativas complementarias e adquisición de material didáctico de carácter funxible. O importe determínase en función do número de alumnos, nº de unidades de educación infantil e nº previsto de alumnado participante na Viaxe obrigatoria do Bachibac e nas viaxes de fin de ciclo de 6º EP e 4º ESO
CEIP Rabadeira	9.987,00	
CEIP Valle-Inclán	11.832,00	
CEIP Luis Seoane	9.682,00	
CEIP Oleiros-Juana De Vega	10.781,00	
IES María Casares	13.851,00	
IES Miraflores	16.624,00	
IES Neira Vilas	10.926,00	

II.- Por esta Concellería delegada foi emitida providencia o día 23/04/2026, na que se ordea que se inicie o procedemento para a concesión das subvencións, requirindo aos centros educativos para que aporten a documentación necesaria.

Asemade, fai constar que os criterios a empregar para a distribución das cantidades son os seguintes:

	Importe (€)
Subvencións por alumno	17,00
Subvención por aula infantil	250,00
Excursión 6º primaria (€/alumno)	50,00
Viaxe fin de ciclo 4º ESO (€/alumno)	50,00
Subvención viaxe Bachibac	50,00

III.- Requeridos os Centros educativos para a presentación da documentación necesaria, todos eles presentaron solicitudes de subvención, polos importes que se sinalan a continuación:

NIF	CENTRO	Data solicitude	Rx. Entrada	Importe solicitado
Q6555512J	CEIP Isidro Parga Pondal	27/04/2026	2026009007	10.953,00 €
Q6555067E	CEIP Rabadeira (*)	27/04/2026	2026008968	7.637,00 €



Q6555750F	CEIP Valle-Inclán (*)	30/04/2026	2026009348	9.082,00 €
Q1555001E	CEIP Luis Seoane (*)	29/04/2026	2026009243	7.382,00 €
S1500117E	CEIP Oleiros-Juana De Vega	29/04/2026	2026009139	10.781,00 €
Q6555854F	IES María Casares(*)	07/05/2026	2026009842	12.601,00 €
Q1500255C	IES Miraflores (*)	28/04/2026	2026009027	11.424,00 €
Q5355191G	IES Neira Vilas(*)	13/05/2026	2026010357	10.476,00 €

(*) Solicitan unha cantidade inferior á prevista nas BEO:

- **CEIP Rabadeira, CEIP Valle-Inclán e CEIP Luís Seoane non solicitan subvención para a viaxe de fin de ciclo de 6º de Educación Primaria.**
- **IES María Casares e IES Neira Vilas solicitan subvención para a viaxe de fin de ciclo de 4º da ESO para un nº de alumnos inferior ao previsto inicialmente.**
- **IES Miraflores non solicita subvención para a viaxe de fin de ciclo de 4º da ESO.**

Nas solicitudes fan constar, entre outros extremos, que non están incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvención, que se atopan ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que autorizan ao Concello para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.

IV. Á vista do expediente, a Responsable da Unidade Xurídica formulou informe-proposta o 03/06/2026, que foi informada favorablemente pola Intervención Municipal o 09/06/2026.

Fundamentos

1º.- Todas as entidades solicitantes aportaron a documentación que lles fora requirida polo Concello.

2º.- Todos eles atópanse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social, e Concello de Oleiros, téndose incorporado ao expediente os correspondentes certificados acreditativos.

3º.- Mediante Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023, delegouse a favor da Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude “a concesión das subvencións que se instrúan nos servizos do ámbito da súa delegación, así como aprobación da conta xustificativa, recoñecemento da obriga (...)”, polo cal este é o órgano competente para a concesión.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Autorizar e dispor un gasto de 80.336,00 euros en concepto de subvención nominativa aos Centros de ensino públicos de Oleiros, para contribuír á realización de actividades educativas complementarias e adquisición de material didáctico de carácter funxible no ano 2026.

Segundo.- Conceder aos centros de ensino públicos de Oleiros as seguintes subvencións nominativas:





NIF	CENTRO	CONCEPTO SUBVENCIONADO	Importe actividades	Importe total
Q6555512J	CEIP Isidro Parga Pondal	Actividades, eventos, materiais funxibles, e material didáctico para as aulas de infantil.	8.453,00 €	10.953,00 €
		Excursión fin de ciclo 6º de Educación Primaria.	2.500,00 €	
Q6555067E	CEIP Rabadeira	Actividades, eventos, materiais funxibles, e material didáctico para as aulas de infantil.	7.637,00 €	7.637,00 €
Q6555750F	CEIP Valle-Inclán	Actividades, eventos, materiais funxibles, e material didáctico para as aulas de infantil.	9.082,00 €	9.082,00 €
Q1555001E	CEIP Luis Seoane	Actividades, eventos, materiais funxibles, e material didáctico para as aulas de infantil.	7.382,00 €	7.382,00 €
S1500117E	CEIP Oleiros-Juana De Vega	Actividades, eventos, materiais funxibles, e material didáctico para as aulas de infantil.	8.181,00 €	10.781,00 €
		Excursión fin de ciclo 6º de Educación Primaria.	2.600,00 €	
Q6555854F	IES María Casares	Actividades, eventos e adquisición de materiais didácticos de carácter funxible.	9.401,00 €	12.601,00 €
		Excursión fin de ciclo 4º da ESO.	3.200,00 €	
Q1500255C	IES Miraflores	Actividades, eventos e adquisición de materiais didácticos de carácter funxible.	11.424,00 €	11.424,00 €
Q5355191G	IES Neira Vilas	Actividades, eventos e adquisición de materiais didácticos de carácter funxible.	6.426,00 €	10.476,00 €
		Excursión fin de ciclo 4º da ESO.	3.350,00 €	
		Viaxe obrigatoria do Bachibac.	700,00 €	
			TOTAL	80.336,00 €

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 65.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as condicións da concesión serán as seguintes:

- 1.- **Obxecto:** Axuda aos centros educativos para a realización de actividades educativas complementarias e adquisición de material didáctico de carácter funxible.
 - 1.1. A subvención destinarase aos seguintes fins, que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026:
 - a) Actividades diversas de carácter educativo, cultural e deportivo.
 - b) Eventos e celebracións conmemorativas.
 - c) Adquisición de materiais didácticos de carácter funxible.
 - d) Excursións fin de ciclo e viaxe obrigatoria do Bachibac.
 - 1.2. Serán gastos subvencionables (para os fins a) e b) anteriores) os seguintes:
 - ✓ Gastos de materiais funxibles necesarios para a realización das actividades.
 - ✓ Aluguer de elementos precisos para a realización das actividades.
 - ✓ Contratacións de persoal externo para o desenvolvemento das actividades.
 - ✓ Axudas de custo de profesores acompañantes.
 - ✓ Seguros de accidentes das actividades e de responsabilidade civil.
 - ✓ Transportes.



- ✓ Xogos e libros para as aulas de infantil.
 - ✓ Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.
- 1.3. Non se considerará concepto a subvencionar as excursións que son organizadas polo Concello dentro do seu programa “Aprendemos na Natureza”, malia que algunha delas sexa a que o centro realice como excursión de fin de curso.

No concepto “Excursión de fin de curso”, teranse en conta unicamente viaxes que teñan unha duración mínima de 3 días con 2 noites. No caso de ter unha duración inferior, considerarase como unha actividade educativa complementaria e non se terá en conta como “excursión de fin de curso” a efectos de cálculo do importe a conceder.

2.- **Importe:**

- 2.1. As cantidades a conceder serán as seguintes:
- 2.2. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado. En caso de que isto ocorrese, o Concello podería minorar a subvención concedida nun importe equivalente a dito exceso.
- 2.3. Os importes que se conceden para excursións deberán reverter nunha redución do custe a cada un dos participantes, quedando os centros obrigados a informar ao alumnado do importe concreto que o Concello concedeu para a realización de dita excursión. Na xustificación deberá acreditarse o cumprimento de dita obriga.

3.- **Aplicación orzamentaria:** 82.3260.48905 “*Ensino.Serv.complem. Transf.ctes.APAS e colexios*”

4.- **Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

5.- **Publicidade:** A concesión da subvención deberá publicarse na páxina web das entidades beneficiarias desde o intre en que a coñezan. Asemade, o Concello procederá á súa publicación a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

6.- **Pago:** Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación que se especifica a continuación, despois do cal a garantía retida será liberada e aboada ao beneficiario.

7.- **Xustificación:**

- 7.1. A xustificación dos gastos realizados deberá presentarse no rexistro electrónico municipal, a través do trámite *instancia xenérica*.
- 7.2. O prazo de presentación da xustificación remata o día **29 de xaneiro de 2027** ás 23:59 horas.
- 7.3. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo





obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

- 7.4. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.
- 7.5. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.
- 7.6. A xustificación realizarase mediante unha conta xustificativa que constará dos seguintes documentos:
- a) Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos.
 - b) Memoria económica, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do provedor ou acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, a data de pago.
 - ✗ Facturas xustificativas dos gastos realizados (que deberán ter data do ano 2026) e o xustificante de telos aboados.
- O pagamento dos gastos alegados xustificárase do seguinte xeito:
- i. No caso do pagamento mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - ii. No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.
 - iii. No caso de pagos con tarxeta de crédito, resguardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.
 - iv. Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 € (IVE incluído), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.
- c) Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
 - d) Declaración dos ingresos xerados polas propias actividades subvencionadas, no seu caso.
 - e) Acreditación da publicidade realizada.
- 7.7. Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.



7.8. En caso de que o importe da xustificación presentada non acade o 100 por cento da cantidade concedida, efectuarase de oficio unha minoración proporcional da cantidade final a aboar.

Cuarto.- Aprobamos os seguintes formularios para a presentación das contas xustificativas:

FORMULARIO 1: CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN A CENTROS EDUCATIVOS PARA ACTIVIDADES EDUCATIVAS COMPLEMENTARIAS E MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA O ANO 2026- MEMORIA E DECLARACIÓN DE INGRESOS.

I. Memoria da actuación.

CENTRO EDUCATIVO	
CIF	
NOME E APELIDOS DA/DO DIRECTORA/DIRECTOR	

1. Enumeración e descrición das actividades realizadas
2. Temporalización
3. Participantes

II. Declaración de ingresos.

Como representante da entidade **DECLARO** que: (Marque unha das dúas opcións)

- Opción 1:** O Centro educativo non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Oleiros.
- Opción 2:** O Centro educativo obtivo as subvencións ou recursos (art. 30.4 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións) que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Oleiros:

Procedencia (Entidade concedente pública ou privada, usuarios, etc...)	Importe
Ingresos xerados polas propias actividades	





Outros ingresos:	
TOTAL INGRESOS	

Sinatura
Este documento debe asinarse ELECTRÓNICAMENTE polo/a Director/a do Centro educativo

FORMULARIO 2.- CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN A CENTROS EDUCATIVOS PARA ACTIVIDADES EDUCATIVAS COMPLEMENTARIAS E MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA O ANO 2026- CERTIFICACIÓN DE GASTOS E PUBLICIDADE.

DON/DONA

Secretario/a do Centro

CERTIFICA:

1º. Que os gastos e ingresos xustificativos da subvención concedida polo Concello de Oleiros no exercicio 2026 son os seguintes:

Actividade 1: _____					INGRESOS XERADOS POLA ACTIVIDADE
Nº	Provedor	Nº Factura	Importe	Xustificante de pago	
					Importe
Actividade 2: _____					INGRESOS XERADOS POLA ACTIVIDADE
Nº	Provedor	Nº Factura	Importe	Xustificante de pago	
					Importe
Actividade 3: _____					INGRESOS XERADOS POLA ACTIVIDADE
Nº	Provedor	Nº Factura	Importe	Xustificante de pago	
					Importe
Actividade 4: _____					INGRESOS XERADOS POLA ACTIVIDADE



Nº	Provedor	Nº Factura	Importe	Xustificante de pago	
					Importe

Xunto con esta relación de gastos deberán aportarse os correspondentes documentos xustificativos de gastos e pagamentos, ordeados do mesmo xeito que na relación precedente. Todos os documentos deberán ter data do ano 2026.

2º. Que os devanditos gastos non foron presentados como xustificantes de gasto noutras convocatorias de subvencións.

3º.- Que a concesión polo Concello de Oleiros dunha subvención para actividades educativas complementarias e materiais didácticos no ano 2026 foi publicitada do seguinte xeito:

	Publicación do anuncio na páxina web do centro (copiar URL ou enderezo web):
X	desde ata
	Outros medios:

Lugar e data	
Sinatura do/a Secretario/a	Visto e prace, O/a Director/Directora

Este documento debe asinarse ELECTRÓNICAMENTE polo/a Secretario/a e polo/a Director/a do Centro educativo

Quinto.- Recoñecer as obrigas a favor dos centros que se detallan a continuación das cantidades que se especifican, retendo o 40% en concepto de garantía:

NIF	CENTRO	Importe concesión
Q6555512J	CEIP Isidro Parga Pondal	10.953,00 €
Q6555067E	CEIP Rabadeira	7.637,00 €
Q6555750F	CEIP Valle-Inclán	9.082,00 €
Q1555001E	CEIP Luis Seoane	7.382,00 €
S1500117E	CEIP Oleiros-Juana De Vega	10.781,00 €
Q6555854F	IES María Casares	12.601,00 €
Q1500255C	IES Miraflores	11.424,00 €
Q5355191G	IES Neira Vilas	10.476,00 €
		80.336,00 €





Sexto.- Que se notifique debidamente ás entidades interesadas, advertíndolles que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o Secretario, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

